



Concello
de Nigrán

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO
SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE)**



3. Á declaración acompañaranse os documentos no que consten os actos ou contratos que orixinen a imposición.

Artigo 18.

As liquidacións do imposto notificaranse íntegramente aos suxeitos pasivos con indicación do prazo de ingreso e expresión dos recursos procedentes.

Artigo 19.

Con independencia do disposto no parágrafo primeiro do artigo 17, están igualmente obrigados a comunicar ao Concello a realización do feito imponible nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

- a) Nos supostos contemplados na letra a) do artigo 6 da presente ordenanza, sempre que se produciran por negocio xurídico entre vivos, o doante ou a persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.
- b) Nos supostos contemplados na letra b) deste artigo, o adquirente ou a persoa a favor da que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

Artigo 20.

Así mesmo, os notarios estarán obrigados a remitir ao Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de tódolos documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imponible do imposto con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles foran presentados para coñecemento ou lexitimación de sinaturas. O previsto neste parágrafo entendese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei xeral tributaria.

Sección segunda Inspección e recadación

Artigo 21.

A inspección e recadación do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas demais leis do Estado, reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

Sección terceira Infraccións e sancións

Artigo 22.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE).

ARTIGO 1. – FUNDAMENTO.

Ao abeiro do establecido nos artigos 133.2 e 142 da Constitución española así como no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15.2 e 59.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LRFL), este Concello fixa os elementos necesarios para a determinación das cuotas tributarias do Imposto sobre actividades económicas (IAE).

ARTIGO 2. – CUOTA TRIBUTARIA.

- a) Sobre as cuotas municipais, provinciais e nacionais fixadas nas tarifas do Imposto aplicarase, en todo caso, os coeficientes de ponderación establecidos no artigo 86 da LRFL.

- b) De conformidade co establecido no artigo 87 da LRFI, sobre as cuotas incrementadas por aplicación do coeficiente de ponderación, e atendendo á categoría fiscal das vías públicas nas que radique físicamente o local no que é realizada a actividade económica, establécese a seguinte táboa de coeficientes de situación:

<u>Situación física do local</u>	<u>Coefficiente de situación</u>
Parque empresarial de Porto do Molle	1,50
Resto do termo municipal	1,75

ARTIGO 3. – INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto e regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

Disposición final.

Esta ordenanza fiscal (que modifica integramente a “Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre actividades económicas” publicada no BOP de 15 de xaneiro de 1992) entrará en vigor o día da súa publicación no boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012; permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO.

ARTIGO 1. – FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo (texto refundido da Lei reguladora das facendas locais), o Concello de Nigrán establece a taxa pola recollida do lixo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2. – FEITO IMPOÑIBLE.

1. – Constitúe o feito imponible desta taxa, a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal de Nigrán, o seu transporte aos centros de eliminación e posterior tratamento. Quedan fora do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que, procedentes de calquera actividade ou servizo, estean incluídos pola normativa legal e regulamentaria de aplicación, dentro dos considerados como tóxicos ou perigosos, para a recollida dos cales requírese a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

2. – Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a tódalas vivendas, que esten en condicións de habitabilidade ou utilización, con independencia de que estean ou non habitadas ou utilizadas.

Así mesmo, tamén se entenderá de recepción obrigatoria o servizo prestado a tódolos locais, aloxamentos e establecementos que esten en condicións de ocupación e/ou utilización, sempre que nos mesmos se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, artísticas ou de outros usos. 3. – Considérase obxecto tributario da taxa cada unha das vivendas individuais ou locais que forman parte dun mesmo inmovible, sempre que as mesmas teñan acceso propio e sexan susceptibles de ser utilizadas independentemente do resto de vivendas ou locais do edificio.